

Para disipar una duda, cualquiera que sea, se necesita una acción. Thomas Carlyle (1795-1881)
CULTURAL

Luis García Soto, coa obra “O labirinto da saudade”, gañador do premio Ricardo Carvalho Calero

Posted by redacción · 05/10/2012 · Dejar un comentario

A obra “*O labirinto da saudade*”, de Luís García Soto (A Coruña, 1956), resultou gañadora do XIX Premio Ricardo Carvalho Calero de Investigación Lingüística e Creación Literaria, na modalidade de ensaio, convocado polo Concello de Ferrol en colaboración coa Sociedade Cultural Medulio.

Así o anunciou o concelleiro de Cultura, Manuel-Reyes García Hurtado, despois de informar na Comisión de Cultura, Educación, Deportes e Turismo do fallo do xurado -as plicas foron abertas onte diante dos grupos políticos-. Así mesmo, o xurado decidiu outorgar un accésit á obra “*Dos arquivos xeométricos de Rafael Dieste*”. A *xeometría como experiencia da realidade*”, de Xosé Díaz Díaz -tamén na modalidade de ensaio-. A modalidade de Creación Literaria quedou novamente deserta.

O xurado

A obra gañadora foi elixida por unanimidade do xurado, o cal estivo composto por Carme Fernández-Pérez Sanjulián (profesora da UDC); Camilo Nogueira Román (enxeñeiro, economista e escritor); María Ángeles García Sumay (documentalista, escritora e tradutora); Montserrat Dopico González (xornalista) e Manuel Castela Mexuto (gañador do XVIII Premio Ricardo Carvalho Calero). O presidente do mesmo foi o edil de Cultura e como secretaria actuou Elia Rico Lagarón como representante de Medulio. Todos eles coincidiron en destacar a calidade de “*O labirinto da saudade*”. Unha obra que cualificaron como “*unha modélica aplicación do concepto de ensaio, afastado da investigación académica, cunha comprensión profunda do ensaio como xénero literario*”. Así mesmo, valoraron que nela “*tamén hai creación e produción de coñecemento, xa que o seu autor achega unha perspectiva diferente e orixinal sobre a materia tratada, unha materia tantas veces visitada como a saudade e que é capaz de deitar luz nova e moi inspiradora, subliñando unha dimensión colectiva e comunicativa de moito interese: o contexto solidario da saudade*”.

O xurado considerou tamén que “*O labirinto da saudade*” presenta “*rigor no tratamento dos autores analizados, resumidos con enorme brevidade sen os traizoar e reelaborados con potencia*”. Ademais, valoraron o feito de ser “*un traballo profundo e, ao mesmo tempo, leve, moi lexible*”. “*A construción é equilibrada e harmónica*”, subliñou o xurado, destacando a existencia de “*rigor filosófico e finura na abordaxe das producións estéticas*”.

Curriculo do gañador

Luís García Soto é licenciado en Dereito e en Filosofía pola Universidade de Santiago de Compostela. Doutorouse en Filosofía por esta Universidade en 1986 e é doutor en Dereito pola Universidade Autónoma de Madrid. Desde 1989 é profesor titular de Filosofía Moral na Facultade de Filosofía da USC, da que é decano desde o ano 2005. Tamén é redactor e ponente do Código Ético da USC. Entre as súas publicacións figura *“Outramente Barthes”*, *“Paz, guerra e violencia”*, *“Aristóteles”*, *“Nova enciclopedia de bioética”*, *“Paz, guerra y violencia”* e *“Teoría de la justicia e idea del derecho en Aristóteles”*. A estes sumaranse a obra coa que vén de gañar o XIX Premio Premio Ricardo Carvalho Calero de Investigación Lingüística e Creación Literaria, que será publicada na editorial Laiovento. Ademais desta publicación, levarase o premio de 3.700 euros recollido nas bases.

Un accésit

Respecto á obra *“Dos arquivos xeométricos de Rafael Dieste”*, do profesor de Educación Secundaria Xosé Díaz Díaz, o xurado decidiu otorgarlle un accésit a pesar de non estar recollida esta opción nas bases, ao considerar que se trata *“dunha profunda e documentada pesquisa nunha dirección da obra de Rafael Dieste usualmente non atendida, entre as matemáticas e a ontoloxía, amosando a súa radical vinculación coa estética e a visión literaria do autor”*.

Calidade das obras presentadas

Nesta XIX Premio Premio Ricardo Carvalho Calero de Investigación Lingüística e Creación Literaria presentáronse un total de 9 traballos -6 na modalidade de ensaio e 3, na de narrativa-. A este respecto, a presidenta da Asociación Cultural Medulio, Elia Rico, destacou a *“calidade das obras presentadas”* e agradeceu ao Concello de Ferrol a súa colaboración na convocatoria deste premio, que o edil de Cultura, Manuel-Reyes García Hurtado, cualificou como *“o premio máis importante que ten a cidade de Ferrol en defensa da lingua galega e un dos máis importantes de Galicia”*.

Así mesmo, Elia Rico agradeceu a *“calidade humana, ética e moral e a alta formación do xurado”*, subliñando ao mesmo tempo que *“en Ferrol temos un tesouro que non apreciamos na súa medida: Ricardo Carvalho Calero, unha persoa cunha capacidade de traballo ímprova, unha persoa de referencia e un xenio”*.